

# Proxecto Educativo

## EU COLABORO COA EDAR

## INTRODUCCIÓN

O proxecto educativo “Eu colaboro coa Edar” xorde da necesidade de promover entre o alumnado actitudes de respecto e valoración cara ao medio, e, en concreto, cara á concienciación sobre o uso responsable da auga. Unha sociedade crítica e comprometida co desenvolvemento sostible debe comezar nas aulas, onde se forma a sociedade do futuro.

A Edar Bens S.A. iniciou unha campaña de información e concienciación sobre o uso responsable da auga e a xestión eficaz dos residuos hai dous anos co obxectivo de promover entre a sociedade esas actitudes de respecto cara ao medio. Logo de recibir unha resposta favorable entre o alumnado de Bacharelato e a ESO, púxose de manifesto a necesidade de estender dita divulgación entre os nenos máis pequenos debido a que é nesa idade cando se acadan os hábitos que permanecerán toda a vida.

Todo isto levounos a presentar este proxecto, que nace coa intención de acompañar e apoiar aos mestres e mestras na importante tarefa de concienciar aos nenos no coidado do medio.

## XUSTIFICACIÓN

A proposta enmárcase nos contidos contemplados no Bloque 4 “A materia e a enerxía”, recollidos no Anexo I do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que se amosan a continuación:

- 2º curso
  - B.4.2: Uso responsable da auga e valoración da importancia do aire limpo para a vida.
  - B.4.3: Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e na súa contorna próxima.
- 3º curso
  - B.4.3: O uso responsable dos recursos naturais do planeta. O aforro enerxético.
  - B.4.4: A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.
  - B.4.5: Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.
  - B.4.7: O ciclo da auga.

- 4º curso
  - B.4.3: Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.
  - B.4.5: Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.
  - B.4.6: A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.
  - B.4.7: Desenvolvemento de actividades individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.

## COMPETENCIAS CLAVE

Neste proxecto promoverase fundamentalmente a adquisición de dúas competencias clave: a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e as Competencias sociais e cívicas. Sen embargo, tamén estarán presentes a Competencia dixital e Aprender a aprender.

## OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Dar a coñecer o 'antes' e o 'despois' da auga que utilizamos na casa.
- Dar a coñecer o impacto que o uso da auga e a mala xestión dos residuos pode ter na natureza.
- Amosar a xestión de residuos a través do funcionamento da depuradora de Edar Bens S.A.
- Recoñecer a necesidade de dispoñer de medidas axeitadas para a conservación do bo estado das augas.
- Sensibilizar sobre o uso responsable da auga e a xestión eficaz dos residuos urbanos.
- Concienciar sobre a necesidade de contribuír ao mellor funcionamento dos servizos públicos.

## CONTIDOS DO PROXECTO

- Ciclo urbano da auga.
- Funcionamento dunha depuradora de augas residuais.
- Uso eficiente e aforro dos recursos hídricos.

- Recoñecemento dun servizo público fundamental para a protección do medio ambiente.
- Coñecemento do impacto do uso da auga na natureza.
- Concienciación sobre a conservación do bo estado das augas.
- Sensibilización sobre o consumo eficiente da auga e a non contaminación.

## METODOLOXÍA

Tendo en conta os obxectivos desta unidade, propónse unha metodoloxía activa na que o alumnado participe e experimente de xeito que logre unha aprendizaxe significativa e permanente. Así, desenvolverase a unidade por medio do método científico, baseado nesa experimentación, que inclúe a observación dos feitos, o descubrimento de problemas, o enunciado de hipóteses, a verificación experimental, a extracción de conclusións e a comunicación de ditas conclusións.

Por outra banda, as TIC terán un papel moi relevante durante toda a sesión, coa inclusión dun Libro Interactivo Multimedia (LIM).

### • RECURSOS

Todo o material corre a cargo da EDAR, a excepción da PDI ou pantalla co proxeutor que deberá ter o centro educativo.

### • TEMPORALIZACIÓN

O proxecto durará aproximadamente unha hora, aínda que pode flexibilizarse a súa duración en función das necesidades do centro educativo, que deberá especificar na fase de preparación do mesmo.

### • AGRUPAMENTO

As actividades da unidade desenvolveranse en gran grupo, pero propónse unha actividade en pequeno grupo (catro ou cinco alumnos) para o que se respectará os agrupamentos que se adoiten facer na aula.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O elemento transversal máis relevante neste proxecto é a educación ambiental. A conservación da natureza e o respecto do medio ambiente son as pezas fundamentais, polo que se procuran actitudes de coidado do medio e a sensibilización ante a situación na que se atopa o noso planeta.

Non obstante, traballaranse outros elementos transversais como a educación moral e cívica ou a educación do consumidor.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O centro poderá solicitar adaptacións curriculares para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) cun mínimo de dous días de antelación.

## AVALIACIÓN

Avaliaranse os contidos adquiridos polo alumnado a través da última actividade programada nesta unidade.

Os criterios de avaliación serán:

- Coñece o ciclo urbano da auga.
- Entende o funcionamento dunha depuradora de augas residuais.
- Mostra interese polo uso eficiente e aforro dos recursos hídricos.
- Recoñece o labor da EDAR de Bens como un servizo público fundamental para a protección do medio ambiente.
- Comprende o impacto do uso da auga na natureza.
- Valora a necesidade da conservación do bo estado das augas.
- Mostra sensibilidade sobre o consumo eficiente da auga e a non contaminación.

## ACTIVIDADES

Realizaranse catro actividades (poden ampliarse en función do tempo do que se dispoña) durante a sesión. Esas actividades serán:

1. Explicación en gran grupo sobre o funcionamento da EDAR de Bens.
2. Experimento '**Como limpamos a auga**' no que comprobarán o proceso que segue a EDAR de Bens para limpar a auga.

3. Actividade '**Patrulla azul**' sobre a necesidade de concienciar ao resto do centro educativo da necesidade de coidar do medio ambiente.
4. Actividade '**Xogamos ao trivial**' no que avaliaremos de xeito lúdico os conceptos adquiridos polo alumnado.